

nosa axenda para estar sempre informado dos eventos que acontecen na nosa casa. A subscrpción está disponible en calquera dos seguintes formatos:



RSS



ical

[máis detalles](#)



obra e os valores que defende (o servizo público e axudar aos demais, a ética e a honradez, a autenticidade, o esforzo, a constancia e o trabalho ben feito, que prevaleza o ser sobre o ter, a solidariedade, a humanidade, os dereitos humanos, a xustiza social, a cultura da paz, a defensa da educación e do medio ambiente estreitamente ligado á saúde, a saúde ambiental do planeta e a igual dignidade de todos os seres humanos, e un longo etc.); valores e principios dos que a sociedade actual está tan necesitada en recuperar se queremos construir un mundo mellor para as xeracións vindeiras".

Expresou o seu desexo de que o acto servise "para poñer en valor á nosa querida e marabillosa Galicia e á miña terra natal Ponteareas 'a Vila do Corpus'", das que expuxo unhas imaxes do seu patrimonio natural e cultural. Tamén de "que o protagonismo sexa compartido cos 211 autores que son os verdadeiros artífices que fixeron posible esta marabillosa obra, como homenaxe á miña persoa, un agasallo caído do ceo" que atribuíu "á xenerosidade infinita da rede de amigos de todo o planeta, o mellor patrimonio que un pode ter".

No libro participan, entre outros, o Papa Francisco coa súa bendición apostólica, o Rey Felipe e o presidente de Goberno de España, con senllas dedicatorias, o presidente da Xunta de Galicia, a presidenta da Deputación de Ponteareas, Carmela Silva, e o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas Giráldez, cos seus respectivos prólogos, Federico Mayor Zaragoza cunha presentación da obra e máis de 200 autores de todos os ámbitos (académico, científico, educativo, empresarial, político, eclesiástico, xornalístico; cohabitando monárquicos e republicanos, crentes e agnósticos, conservadores e progresistas, etc.) cos seus correspondentes artigos.

Ademais de Romay Beccaría, outros dos autores do libro que participaron no acto enxalzando a figura do homenaxeado foron José Ignacio Elorrieta Pérez de Diego, Rosalía Fernández Patier, Domingo Gómez Orea, Teresa Villarino Valdivieso, Silvia Rueda Sánchez, Luis Carlos Pérez Aguado e Javier de Paúl Jiménez. Outros autores que asistiron ao acto, aínda que non interviñeron no mesmo, foron Mercedes García Vedía, Enrique Piedras García e Nuria Sánchez González.

Entre outros, tamén asistiron á presentación Antonio Troncoso de Castro, Fillo Predilecto de Ponteareas e Margot Fernández Piñeiro, filla de Maruja Piñeiro, escritora galega e ilustre ponteareá.

Departamento: Prensa

Comparteo:

#### Imaxes

